

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

OBRA: REFORMA E AMPLIACIÓN DO CENTRO DA TERCEIRA IDADE

1. Obxecto do contrato.

O contrato terá por obxecto a execución da obra *Reforma e ampliación do Centro da Terceira Idade*, con suxeición ó proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 107 da lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

2. Orzamento do contrato e tipo de licitación.

Fíxase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura no epígrafe 2 do cadro de características do contrato (Anexo I)

Na contratación entenderase que os contratistas ó formular as súas propostas económicas, inclúen o IVE, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 75.2 da LCSP e modelo de oferta económica do presente prego

3. Financiamento

Para atender as obrigas económicas que se derivan do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento municipal na partida 313-622

4. Prazo de execución.

O prazo de execución das obras é o sinalado no cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo, agás que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O prazo contarase sempre en días naturais

5. Capacidade para contratar

Poderán concurrir por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias enumeradas no artigo 43 e 49 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica

De acordo co establecido no artigo 54.1 da LCSP non se esixe clasificación

6. Procedemento de adxudicación

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado de acordo co establecido na LCSP

7. Garantías esixibles.

Provisional: non se esixe

Definitiva: O licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá presentar unha garantía do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE

8. Presentación de ofertas.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo indicado no cadro de características do contrato.

9. Presentación de ofertas

As ofertas presentaranse en tres sobres numerados correlativamente:

A) SOBRE NÚMERO 1. Conterá a seguinte documentación:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica do empresario:

1.1.- Empresario individual: copia auténtica do NIF, Pasaporte ou documento que o substitúa

1.2.- Persoas xurídicas: a escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que sexa aplicable, e copia do NIF debidamente compulsada

1.3.- Empresasa comunitarias: A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estea establecida, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se fixen regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

As demais empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2º) Poderes: Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate dunha persoa xurídica deberá incluírse ou poder outorgado a favor de quen ou quenes suscriban a proposición xunto cunha copia auténtica do Documento Nacional de Identidade dos apoderados.

3º) Bastanteo de poderes: os poderes sinalados na alínea anterior deberán bastantearse polo Secretario ou funcionario que o substitúa

4º.- Prohibicións para contratar ou incompatibilidades: declaración responsable da empresa interesada de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas nos artigos 130 e 49da LCSP, axustado ó modelo que figura como anexo III

5º) Acreditación da solvencia cando non proceda esixir a clasificación:

A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional do empresario deberá acreditarse, por calquera un ou varios dos medios seguintes:

- Solvencia financeira:

1) Declaracións apropiadas e suficientes de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

2) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que lle corresponda, podéndose achegar como medio alternativo da acreditación dos libros de contabilidade debidamente legalizados.

- Solvencia técnica e profesional:

1) Compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso, segundo o establecido no artigo 53.2 da LCSP, dando lugar o seu incumprimento ás responsabilidades establecidas no artigo 196 da mesma lei

2) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente

6º) Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeiras. As empresas estranxeiras, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiros que lle puidese corresponder ó licitante.

7º) Domicilio: Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica das notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono y bre, de Contratos del Sector Público.

B) O SOBRE Nº 2 (OFERTA ECONÓMICA): Conterá a oferta económica na que se expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do IVE, conforme ó modelo que se incorpora como anexo II

C) O SOBRE Nº 3 (REFERENCIAS TÉCNICAS): Conterá as seguintes referencias técnicas:

C.1.- Programa de traballo e actuación medioambiental

C.2.- Plan de control de calidade

C.3.- Esquema de plan de seguridade e saúde das obras

C.4.- Índice de documentos que integran o sobre

10. Criterios para a adxudicación do contrato.

Os criterios para a adxudicación do contrato son os seguintes:

-Programa de control interno de calidade: 2,00

-Programa de traballo e protección medioambiental: 2,00.

-Plan de seguridade e saúde: 2,00

-Proposta de redución de prazos: 4,00

11. Confidencialidade.

Sen prexuízo das disposicións da LCSP relativas á publicidade da adxudicación e a información que debe darse ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó presentar as ofertas, en especial con respecto ós secretos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual xeito, o contratista deberá respectar o carácter confidencial de aquela información á que se teña acceso con ocasión da execución do contrato ó que se lle houbese dado o referido carácter nos priegos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento de esa información, agás que os pregos ou o contrato fixen un maior.

12. Revisión de Prezos:

Por aplicación do disposto no artigo 77.1 da Lei en relación co cláusula 7 non existe revisión de prezos.

13. Adxudicación provisional e definitiva.

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que se notificará ós licitadores e publicarase no Perfil do contratante (www.concellodevedra.com) e se os interesados o solicitan facilitaráselle información nun prazo de cinco días, dos motivos do rexeitamento da súa proposición e das características da proposición que foron determinantes na adxudicación ó seu favor

A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran quince días hábiles contados dende o día seguinte a aquel en que se publique no Perfil do Contratante, debendo o adxudicatario provisional durante este prazo presentar a seguinte documentación:

- Certificación de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Resgardo da garantía definitiva

14. Formalización do contrato

O contrato formalizarase en documento administrativo no prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva

15. Execución do contrato

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data na que o concello sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir ó mesmo e suscribir a correspondente acta, de conformidade co art. 212 da LCSP, e dentro dos 15 días da sinatura da mesma o contratista queda obrigado a comezar as obras.

O Director da obra directamente ou por medio do coordinador de seguridade e saúde deberá efectuar o correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comezo das obras (art. 18 do R.D. 1627/1997)

Dentro dos 15 días naturais seguintes ó da sinatura da Acta de Comprobación de Replanteo e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o programa de traballo e o plan de seguridade e saúde, que será aprobado polo Presidente da Corporación, previo informe do coordinador de seguridade e saúde

Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o licitador-adxudicatario está obrigado a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 mts, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida

ANEXO I

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

0.- REGULACIÓN HARMONIZADA:	Contrato non suxeito a regulación harmonizada
1.- PROXECTO	REFORMA E AMPLIACIÓN DO CENTRO DA TERCEIRA IDADE
2.- CÓDIGO OBRA	244/2009
4. TIPO DE LICITACIÓN	ORZAMENTO (IVE engadido): 179.999,00 euros
	ORZAMENTO (IVE excluído): 155.171,55 euros
	ANUALIDADE: Única
5.-PARTIDA ORZAMENTARA	313-622
6.- PRAZO DE EXECUCIÓN	8 MESES
7.- CLASIFICACIÓN	NON SE EXIXE
8.- LUGAR DE PRESENTACIÓN	Concello de Vedra (de 8:30 a 14:00 horas)
9.-PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	15 días naturais dende a data do envío da invitación
10.-PERFIL DO CONTRATANTE	www.concellodevedra.com
11.-GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe de adxudicación, IVE excluído
12.-TAXA DO CONTRATO	Non procede
13.-REVISIÓN DE PREZOS	Non procede
14.-CONTROL DE CALIDADE	Exixible

ANEXO II

D. con D.N.I nº en representación de, con NIF e domicilio en, teléfono número, toma parte no procedemento negociado para optar a adxudicación da obra de REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA DA TERCEIRA IDADE, a cuxos efectos fai constar

1º.- Que oferta o prezo seguinte:

- 1.A: PREZO SEN IVE :
- 1B. IVE :
- 1.C TOTAL:

2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de Cláusulas administrativas que rexen a licitación

3º.- Que acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares

ANEXO III

D., con DNI, en nome propio ou en representación da empresa Co n NIF E domicilio en, á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA DA TERCEIRA IDADE

DECLARA que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións para contratar coa Administración establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP

(lugar, data e sinatura do proponente)